


## MISA CON NENOS

23 de FEBREIRO de 2020

ORDINARIO - 6º - A

Mateo 5, 38-48: "Amade os vosos inimigos".

Mensaxe: O Amor fai o inimigo Amigo.



Que la piedra cuide a la tijera aflando sus hojas,  
que la tijera recorte al papel para hacerlo guirnalda  
y que el papel envuelva la piedra,  
papel de regalo que abraza.



## 1. ACOGIDA

Irmáns e irmás: Xesús quere que o amor sexa o distintivo dos cristiáns. Somos fillos de Deus e queremos parecernos a el amando os irmáns. Neste 7º domingo do tempo ordinario, Xesús pídenos que vivamos a nosa vocación de ser santos. Esta santidad ha de empezar por amar a todos, tamén os que nos caen mal e de rezar ata polos que nos perseguen. **(Colocade un cartel coa frase: “O Amor fai o inimigo Amigo”).**

**(SAÚDO DO SACERDOTE) :**

No nome do Pai... **O Señor Xesús que perdoou ata aos que o crucificaban, sexa convosco...**

## 2. CELEBRACIÓN DO PERDÓN

**(Sacerdote):** *Recoñecemos os nosos pecados: Pedimos o perdón de Deus e o amor necesario para reconciliarnos cos irmáns.*

Porque ás veces cumprimos as normas pero fáltanos amor no que facemos. ***Señor ten piedade de nós.***

**-(Pai ou Nai):** Ti disnos, Pai, que sexamos santos coma ti es santo, bos coma ti es bo. ***Señor, ten piedade de nós.***

**-(Catequista):** Ti disnos, Pai, que non gardemos rancor nin odiemos de corazón os nosos irmáns. ***Cristo, ten piedade de nós.***

**-(Neno ou Nena):** Ti disnos, Pai, que amemos os nosos inimigos e recemos polos que nos aborrecen. ***Señor, ten piedade de nós.***

### 3. A PALABRA

#### MONICIÓN

Todos estamos chamados á santidad pero a santidad reflíctea a vida. As lecturas, que imos escoitar, trázannos con exemplos claros e prácticos como quere Deus que traballemos a santidad. Para Xesús, ademais, hai unha razón fundamental: somos fillos de Deus, e Deus é bo. Que como el a todos regalemos amor, perdón, aínda que nos fagan dano. Paulo recórdanos que Deus habita no noso corazón e por iso del só pode saír amor, perdón.

**LEV.9, 1-2. 17-18:** *Amarás o teu próximo como a ti mesmo.*

O Señor falou así a Moisés: «Di á comunidade dos fillos de Israel: **“Sede santos, porque eu, o Señor, o voso Deus, son santo. Non odiarás de corazón a teu irmán, pero reprenderás o teu próximo, para que non cargues ti co seu pecado. Non te vingará dos fillos do teu pobo nin lles gardarás rancor, senón que amarás o teu próximo como a ti mesmo. Eu son o Señor”**». Palabra do Señor.

• **SALMO 102: R/. O Señor é compasivo e misericordioso.**

• **1ª CORINTIOS 3, 16-23: *Todo é voso, vós de Cristo, e Cristo de Deus.***

Irmáns: **Non sabedes que sodes templo de Deus** e que o Espírito de Deus habita en vós? Se algún destrúe o templo de Deus, Deus destruírao a el; porque o templo de Deus é santo: e ese templo sodes vós. Que ninguén se engane. Se algún de vós crese sabio neste mundo, que se faga necio para chegar a ser sabio. Porque a sabedoría deste mundo é necidade ante Deus, como está escrito: *«El caza os sabios na súa astucia»*. *E tamén: «O Señor penetra os pensamentos dos sabios e coñece*

*que son vans». Así, pois, que ninguén se glorie nos homes, pois todo é voso: Paulo, Apolo, Cefas, o mundo, a vida, a morte, o presente, o futuro. Todo é voso, vós de Cristo E Cristo de Deus.*

*Palabra do Señor.*

- **MATEO 5, 38-48: Así se dixo aos antigos; pero eu dígovos.**

**Narrador:** Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

**Xesús:** -«Oístes que se dixo: “Ollo por ollo, dente por dente”. Pero eu dígovos: non fagades fronte ao que vos agravia. Ao contrario, se un che dá un lapote na fazula dereita, preséntalle a outra; ao que queira poñerche preto para quitarche a túnica, dálle tamén o manto; a quen te requira para camiñar unha milla, acompañao dúas; a quen che pide, dálle, e ao que che pide prestado, non o evites.

Oístes que se dixo: “**Amarás o teu próximo** e aborrecerás o teu inimigo”. Pero eu dígovos: **amade os vossos inimigos e rezade** polos que vos perseguen, para que sexades fillos do voso Pai celestial, que fai saír o seu sol sobre malos e bos, e manda a choiva a xustos e inxustos.

Porque, **se amades os que vos aman, que premio teredes?** Non fan o mesmo tamén os publicanos? E, se saudades só os vossos irmáns, que facedes de extraordinario? Non fan o mesmo tamén os xentís? Xa que logo, sede perfectos, como o voso Pai celestial é perfecto».

*Palabra do Señor.*

*(Narrador- Xesús)*

#### 4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

**(Sacerdote):** *Oremos, irmáns e pidamos ao Pai un corazón grande para amar a todos sen discriminación, dicindo:*

**-Que sexamos santos e amemos a todos. -Fainos bos, como o es ti. -Que perdoemos, Señor, coma ti.**

1.- Para que a Igrexa nos siga propoñendo ser santos como santo é o noso Deus. *Oremos.*

2.- Para que a paz e a reconciliación reinen nas familias e entre os veciños. *Oremos.*

3.- Para que os que non coñecen máis que a violencia cambien de actitude. *Oremos.*

4.- Para que comprendamos que o odio nos paraliza e non arranxa nada. *Oremos.*

5.- Polos nenos que nos ensinan que perdoar é fácil, que todo ten arranxo. *Oremos.*

6.- Para que todos nós sexamos artesáns da paz, superando rancores e desquites. *Oremos.*

7.- Para que miremos os que nos caen regular non como inimigos senón como fillos de Deus e irmáns nosos. *Oremos.*

8.- Para que aprendamos o poder da mirada limpa, do sorriso para solucionar os problemas diarios. *Oremos.*

**(Sacerdote):** *Axúdanos a ser, Señor, activos e cariñosos, verdadeiros e compasivos, audaces e pacíficos para seguir recreando o teu reino de xustiza e misericordia. Por XNS.*

## 5. OFRENDAS

### - CARTOLINA:

Con esta cartolina impresa cos grandes conflitos que existen no mundo, queremos ofrecer ao Señor o noso desexo de traballar pola unión e a paz de todos os pobos.

### -UN CORAZÓN COA FRASE:

“Hoxe + que onte e - que mañá” (para cada neno): Con este corazón queremos simbolizar a bondade eterna e permanente de Deus que ama a bos e malos. E tamén o noso compromiso de querer hoxe a todos máis que onte e menos que mañá.

### -PAN E VIÑO:

Co pan e co viño, traemos ata o altar os nosos esforzos e os nosos traballos por buscar sempre máis o que nos une que o que nos separa. E recordamos que na eucaristía o Espírito échenos de forza para esquecer, superar os rancores e perdoar.

## 6. NOSO PAI

O noso Pai Deus ámanos e perdóanos, e invítanos a nós a amar e perdoar coma el. Porque estamos dispostos a seguilo neste camiño, agora, como Xesús nos ensinou, atrevémonos a dicir: *Noso Pai..*



## 7. SUXESTIÓNS:

- Paulo recórdanos que somos templo de Deus e que o Espírito habita no noso corazón: que do teu corazón só saia a bondade, a alegría, a paz, o perdón, o agradecemento, a verdade.
- Non te conformes con querer ao que che quere ben ou che fai ben.
- Fala a alguén co que non te leves ben ou que che caia mal. Intenta rezar por el, poñerte nos seus zapatos, darlle a paz...
- Pedide ao catequista que vos explique a exhortación de Francisco GE sobre a chamada á santidad: que nos chama a todos á santidad, ser santos nas cousas ordinarias, vivindo a alegría, o humor, ver os santos da porta da beira...
- Perdoar a alguén que nos fixo dano, esquecelo, é case imposible. Pero hai un truco que adoita facer efecto. Cal é o truco? É dicirlle a Deus: Señor, toma as rendas da miña vida, diríxeme, dáme a túa graza para perdoar os que me caen mal, para aprender a arte da misericordia. Lévame ti, porque a min éme imposible, contigo todo o podoo...
- Que cada neno debuxe un corazón cunha frase: “hoxe + que onte e - que mañá” e que poñan nomes de persoa ás que debe querer máis.
- Nun panel de cortiza poñemos unha cartolina grande que diga “O MEU PRÓXIMO”. Logo dáselles unha chincheta a cada neno e van cravándoa na cartolina. Unha vez que acabaron, outros tres nenos quítana. E descravamos a cartolina para que vexan todos os buracos que ten, e incluso que a toquen por detrás. As chinchetas representan o que facemos cando nos metemos con alguén. Cando pedimos perdón é coma se a quitásemos, pero o buraco (a dor) xa está feito. Se respondemos con violencia sempre quedan marcas.
- Conto: O cravo na porta; <https://www.youtube.com/watch?v=ia-DSFEoeww>
- Conto: A cal alimentas? Unha noite un ancián indio Cherokee contoulle ao seu neto a historia dunha batalla que ten lugar no interior de cada persoa. Díxolle: “Dentro de cada un de nós hai unha dura batalla entre dous lobos. Un deles é un lobo malvado, violento, cheo de ira e agresividade. O outro é todo bondade, amor, alegría e compaixón”. O neto quedo uns minutos pensando sobre o que lle contou o seu avó e finalmente preguntoulle: “Dime avó, cal dos dous lobos gañará?”. E o ancián indio respondeu: “Aquel a o que ti alimentes”

## POSIBLE ORACIÓN DE GRAZAS

*Fai de min un instrumento da túa paz.*

Señor, fai de min un instrumento da túa paz!  
Que alí onde haxa odio, poña eu amor;  
onde haxa ofensa, poña eu perdón;  
onde haxa discordia, poña eu unión;  
onde haxa erro, poña eu verdade;  
onde haxa dúbida, poña eu fe;  
onde haxa desesperación, poña eu  
esperanza;  
onde haxa tebras, poña eu luz;  
onde haxa tristeza, poña eu alegría.

Señor que non busque tanto ser consolado  
como consolar; ser comprendido, como  
comprender; ser amado, como amar.

Porque dando é como se recibe;  
esquecendo, como se encontra;  
perdoando, como se é perdoado;  
morrendo, como se resucita á vida eterna.

**FELIZ DOMINGO, DÍA DO SEÑOR.  
REDE CATEQUISTAS GALICIA**